



A Federación Autismo Galicia leva adiante a instalación de pictogramas nos edificios públicos do Concello de Mondariz.

Está prevista a instalación de 560 pictogramas nos seguintes espazos:

- Casa Consistorial: 36 pictogramas
- Pavillón municipal: 45 pictogramas
- Centro social: 43 pictogramas
- Centro de saúde: 61 pictogramas
- colexio público, CPI Mondariz: 231 pictogramas
- Centro de día: 38 pictogramas
- Escola de Música: 39 pictogramas
- Piscina: 36 pictogramas
- Biblioteca: 31 pictogramas

**Este proxecto, que conta co apoio de Fundación ONCE e a Xunta de Galicia,** facilitará o acceso das persoas con autismo a lugares públicos a través da sinalización con pictogramas e promoverá o coñecemento dos sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.



